



CONCELLOS

CARBALLEDO

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de setembro de 2026 aprobouse o padrón fiscal do servizo de abastecemento, saneamento e depuración de augas do Concello de Carballedo correspondente ó segundo trimestre do exercicio 2026.

O importe total do padrón ascende a vinte e cinco mil oitocentos cincuenta e dous euros e vinte e sete céntimos de euro (25.852,27€), sendo o período voluntario de cobro **desde día 24 de setembro de 2026 ao 24 de novembro de 2026** ámbolos dous inclusive de conformidade co previsto nos arts.12 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 62.3 da Lei xeral tributaria.

O resumo do padrón é o seguinte:

CONCEPTO: Taxa polo abastecemento e saneamento de augas.

PERÍODO. 2º trimestre 2026

NÚMERO DE PÁXINAS: 41

NÚMERO DE RECIBOS: 637

PRIMEIRO SUXETO PASIVO: LÓPEZ NAVAL, HERMINIO

ULTIMO SUXEITO PASIVO: COUSO GONZÁLEZ, JOSÉ

IMPORTE TOTAL: Auga 20.372,00€; IVE: 2.037,20€; Canon Xunta Cota fixa: 1.457,34€;

Canon Xunta Cota Variable: 1.985,73€. Total importe padrón: 25.852,27€

Procédese á exposición pública de dito Padrón durante o prazo de quince días a partir da publicación do anuncio de cobro no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal dito padrón estará á disposición dos interesados no concello para que poidan examinalo e presentar cantas reclamacións estimen oportunas.

Contra o acto de aprobación do Padrón poderá interporse recurso de reposición ante o Alcalde-Presidente no prazo dun mes a contar dende o seguinte ó da finalización do período de exposición pública do Padrón, de conformidade ó previsto no art. 14.2 do Real DecretoLexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Carballedo, 11 de setembro de 2026.- O alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 2455

CERVO

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 11 de setembro de 2026, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de xullo de 2026 das liquidacións do prezo público polo servizo de Axuda no Fogar, da Taxa da Piscina Municipal e os padróns correspondentes ao 3º bimestre de 2026 das taxas polos Servizos de Abastecemento de Auga, Recollida de Lixo e Saneamento.

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio, sendo o procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o Padrón

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o 21 de setembro o 23 de novembro. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor. No caso do canon da auga, esta falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calquera oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 11 de setembro de 2026.- A alcaldesa, María Dolores Gracia Caramés.

R. 2471

A FONSAGRADA

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A COBERTURA DUN POSTO DE TRABALLADOR/A SOCIAL, PERSOAL LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO OPOSICIÓN E CREACIÓN DUNHA BOLSA PARA SUBSTITUCIÓN

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de setembro de 2026 aprobáronse as bases para a cobertura como persoal laboral temporal dun posto de traballador/a social e creación dunha bolsa de emprego para substitucións.

Sistema selectivo: Concurso - oposición

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: Rexistro Xeral Electrónico do Concello ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello da Fonsagrada (www.afonsagrada.org).

A Fonsagrada, 15 de setembro de 2026.- O alcalde, Carlos López López.

R. 2472

LUGO

Anuncio

PRIMEIRO.-A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día 7 de setembro de 2026 adoptou, entre outros, o Acordo 4/361 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE ORDENANZA EN QUENDA LIBRE (OEP 2023) en cuxa parte dispositiva se fai constar:

“PRIMEIRO.- Designar os membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a DÚAS PRAZAS DE ORDENANZA EN QUENDA LIBRE (OEP 2023) do seguinte xeito:

Presidencia:

- Don César Castiñeira Muíña, axente de emprego e desenvolvemento local no Servizo de Desenvolvemento Local do Concello de Lugo.

- Suplente: dona María Isabel Villamor Cabado, xefa do Servizo de Desenvolvemento Local do Concello de Lugo.

Vogais:

- Dona Noelia Cancelas Domínguez, auxiliar administrativa na Unidade administrativa de Cemiterio do Concello de Lugo.

Suplente: don Pedro Fernández Agustí, xefe do Servizo de Control Financeiro no Servizo de Intervención do Concello de Lugo.

- Dona Marta Jesús Otero López, directora da Gardería Gregorio Sanz do Concello de Lugo

Suplente: dona María Nieves Mourenza Vázquez, xefa de grupo no Servizo de Cultura do Concello de Lugo.

- *Dona María Elena Rodríguez García, auxiliar administrativa no Servizo de Persoal do Concello de Lugo.*

Suplente: dona María Corral Rodríguez, auxiliar administrativa no Negociado de Rexistro do Concello de Lugo.

Secretaría:

- *Don Iván Fernández Araujo, xefe do Servizo de Persoal do Concello de Lugo.*

Suplente: don Juan Ignacio San Ildefonso Ladrero, técnico de xestión no Servizo de Persoal do Concello de Lugo.

SEGUNDO.- *Notificarlles este acordo ás persoas interesadas, facéndose constar que esgota a vía administrativa, e que contra el se poden interpoñer os seguintes recursos:*

- *Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.*

- *Recurso contencioso-administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder xudicial.*

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

Lugo, 10 de setembro de 2026.- A alcaldesa presidenta, Excm. Sra. dona María Elena Candia López.

R. 2473

MEIRA

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA E ANUNCIO DE COBRANZA- PADRÓN FISCAL SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Por Resolución da Alcaldía núm. 451/2026, de data 10 de setembro de 2026, prestouse aprobación ao padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xullo de 2026, na modalidade de SAF dependencia e Libre Concorrenza.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días contados a partir da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor recurso de reposición ante o Sr. Alcalde, no prazo de UN MES (1) contado dende a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no BOP. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante poderán interpor calquera outro recurso que consideren oportuno.

Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 del Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario dende o 10 de setembro de 2026 ao 9 de novembro de 2026.

Os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas contas bancarias que designaron. Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento cos correspondentes xuros de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da lei 58/2023.

Meira, 10 de setembro de 2026.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 2456

MURAS

Anuncio

Por Decreto da Alcaldía 2026-0459 de data 08.09.2026 foron aprobadas as bases e convocatoria do proceso selectivo para selección de funcionario/a interino/a por programa: peón forestal con cargo ao proxecto reforzo do emprego Plan Único 2026.

O prazo de presentación de solicitudes é de 5 DÍAS HÁBILES contados dende o seguinte a publicación do anuncio no BOP.

As bases íntegras están publicadas na sede electrónica do Concello de Muras: <https://muras.sedelectronica.gal>.

Muras, 8 de setembro de 2026.- O alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 2457

PALAS DE REI

Anuncio

Aprobación definitiva da Ordenanza xeral reguladora dos prezos públicos do Concello de Palas de Rei.

O Pleno deste Concello, con data 30 de xuño de 2026 aprobou provisionalmente a Ordenanza.

Inseriuse anuncio de información pública no BOP Lugo nº 167, de 23 de xullo de 2026, aos efectos de acceso ao expediente e presentación de reclamacións e suxestións.

Durante o expresado prazo non se presentaron reclamacións nin suxestións, polo que, de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, enténdese definitivamente adoptado o acordo provisional, procedendo á publicación do texto íntegro da Ordenanza.

Palas de Rei, 11 de setembro de 2026.- O alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

ANEXO

ORDENANZA XERAL REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE PALAS DE REI

Artigo 1. Fundamento

De conformidade co que dispón o Artigo 41 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, o Concello establece a Ordenanza Xeral Reguladora dos Prezos Públicos pola prestación de servizos ou a realización de actividades da súa competencia.

Artigo 2. Obxecto

1. Esta Ordenanza contén as normas comúns aplicables a todos os prezos públicos que pode establecer o Concello e, por tanto, regula o establecemento, a fixación, a xestión e a cobranza dos prezos públicos que se establecen no capítulo VI do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e outras normas concordantes sobre Facendas Locais.

2. A regulación de cada prezo público conterá os elementos indispensables para a fixación das tarifas correspondentes e se procede, aqueles criterios específicos de xestión, liquidación ou recadación que sexan necesarios para facilitar a súa xestión. A presente regulación é directamente aplicable a todos os prezos públicos municipais e considerarase parte integrante da regulación de cada un destes.

Artigo 3. Definición

Teñen a consideración de prezos públicos as contraprestacións pecuniarias que se satisfagan pola prestación de servizos ou a realización de actividades efectuadas en réxime de dereito público cando prestándose tamén estes servizos ou actividades polo sector privado, sexan de solicitude voluntaria por parte dos administrados.

Artigo 4. Pago

1. Teñen a obrigação de pagar os prezos públicos municipais as persoas que se benefician dos servizos ou as actividades polos cales deben satisfacerse devanditos prezos.

2. O pago dos prezos públicos por servizos ou aproveitamentos efectuados e non autorizados previamente ou que excedan os límites da autorización non comportan a legalización das utilizacións ou das prestacións non autorizadas, e é compatible coa suspensión da prestación do servizo ou do aproveitamento e coas sancións ou outras medidas que correspondan.

Artigo 5. Nacemento da obrigação

A obrigação de pagar o prezo público nace cando se inicia a prestación do servizo ou a realización da actividade, aínda que o Concello pode esixir o depósito previo do importe total ou parcial.

Tamén nace a obrigação no momento de utilizar un servizo público aínda que non fose autorizado.

Artigo 6. Fixación.

1. O establecemento ou modificación dos prezos públicos, de conformidade co Artigo 47 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, corresponde ao Pleno do Concello, sen prexuízo das facultades de delegación na Xunta de Goberno Local, conforme ao artigo 23.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
2. Os acordos de establecemento, supresión e modificación dos prezos públicos municipais que aprobe o Pleno ou a Xunta de Goberno, en virtude de delegación, publicaranse integramente no BOP e darase publicidade do texto íntegro dos mesmos na sede electrónica do Concello de Palas de Rei.
3. Cando legalmente resulte procedente, repercutirase o Imposto sobre o Valor Engadido sobre a tarifa aprobada. Neste suposto, calquera variación do tipo vixente do Imposto sobre o Valor Engadido aplicárase automaticamente ás tarifas dos prezos públicos desde o momento da súa vixencia.

Artigo 7. Contía.

1. O importe dos prezos públicos debe cubrir, como mínimo, o custo do servizo prestado ou da actividade realizada.
2. Cando haxa razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que o aconsellen, o Concello pode fixar os prezos públicos por baixo do custo do servizo prestado ou da actividade realizada. Nestes casos, nos orzamentos municipais deben consignarse as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante.
3. As tarifas pódense graduar polas razóns mencionadas no apartado anterior, incluída a falta de capacidade económica do obrigado, aparte das que se deriven das conveniencias do servizo. En casos xustificádos pódese chegar á gratuidade da prestación do servizo.
4. Calquera proposta de establecemento ou de modificación dos prezos públicos debe acompañarse dunha memoria económica e financeira que xustifique o importe daquilo que se propoña e o grao de cobertura financeira dos custos correspondentes.

Artigo 8. Xestión dos prezos públicos

1. O Concello pode esixir os prezos públicos en réxime de autoliquidación.
2. O Concello pode esixir aos usuarios todas as declaracións ou as achegas de datos que considere necesarias a fin de coñecer o grao real de utilización do servizo e pode, así mesmo, facer as oportunas comprobacións.
3. Cando, por causas non imputables a quen estea obrigado ao pago do prezo, o servizo ou a actividade non se preste ou non se desenvolva, o importe correspondente debe ser devolto a quen o efectuara.
4. Para o pago do prezo público, o Concello pode establecer períodos de vencemento mediante o regulamento do propio servizo ou o texto regulador que corresponde ao prezo público en concreto.

Artigo 9. Xestión en caso de incumprimento das obrigações de pago.

1. Cando os prezos non se satisfagan no vencemento que lles corresponda, o Concello pode esixir, alén das cotas vencidas, as recargas e os intereses de demora, de conformidade co que establece a Ordenanza aprobada polo Concello e a normativa legal de aplicación.
2. Para a recadación dos prezos públicos, o Concello ostenta as prerrogativas establecidas legalmente pola Facenda do Estado e actúa de conformidade cos procedementos administrativos correspondentes.
3. As débedas por prezos públicos poden esixirse por procedemento administrativo de prema.
4. O período executivo empeza o día despois do final do período de cobranza voluntaria. A vía de constrinximento empeza coa expedición da providencia de constrinximento e a xustificación administrativa do feito de que se intentou a cobranza ou de que se fixo o requirimento.

Artigo 10. Convenios

O Concello poderá establecer convenios de colaboración con entidades, institucións e organizacións representativas dos suxeitos pasivos dos prezos públicos, coa finalidade de simplificar o cumprimento das obrigações formais e materiais derivadas daquelas, ou os procedementos de liquidación ou recadación.

Artigo 11. Procedemento administrativo para o establecemento e a modificación dos prezos públicos municipais.

1. As áreas xestoras municipais competentes para a xestión administrativa dos prezos públicos propoñerán con carácter ordinario no proceso de elaboración do Orzamento para o establecemento ou modificación dos prezos públicos ao Alcalde, para incorporación ao Proxecto de Orzamento, se o estima pertinente.
2. As propostas de establecemento ou modificación dos prezos públicos deben acompañarse dunha memoria económica e financeira na que se xustifique o importe e o grao de cobertura financeira dos custos correspondentes.

3. Cando o importe dos prezos públicos non cubra, como mínimo, o custo do servizo prestado ou da actividade realizada, as áreas xestoras deben manifestar nas súas propostas as razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que xustifiquen a fixación de prezos públicos por baixo do custo do servizo prestado ou da actividade realizada.

4. O Alcalde, coa asistencia que estime precisa, analizará as propostas presentadas e, no seu caso, propoñerá a aprobación do establecemento ou a modificación dos prezos públicos ao órgano municipal competente.

5. Tamén poderán presentarse propostas de establecemento ou modificación de prezos públicos durante o exercicio orzamentario no caso da implantación de novos servizos municipais ou actividades financiadas por prezos públicos, ou en calquera outro caso que así se requira.

Disposición Adicional

De conformidade co Artigo 47 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación co preceptuado polo artigo 23.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, delégase na Xunta de Goberno Local o establecemento e modificación dos prezos públicos, cos requisitos formais legalmente esixidos e dando conta expresa ao Pleno.

Disposición final

Esta ordenanza, que contén o texto da redacción inicial, foi aprobada por acordo de Pleno en sesión celebrada o día 30 de xuño de 2026; entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e terá vixencia mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

Palas de Rei, 11 de setembro de 2026.- O alcalde-presidente, Pablo José Tabaoda Camoira.

R. 2458

Anuncio

Aprobación definitiva da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por licenzas urbanísticas e comunicacións previas esixidas polos artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016 de Galicia e concordantes do seu regulamento.

O Pleno deste Concello, con data 30 de xuño de 2026 aprobou provisionalmente a Ordenanza.

Inseriuse anuncio de información pública no BOP Lugo nº 167, de 23 de xullo de 2026, aos efectos de acceso ao expediente e presentación de reclamacións.

Durante o expresado prazo non se presentaron reclamacións, polo que, de conformidade co previsto no artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, enténdese definitivamente adoptado o acordo provisional, procedendo á publicación do texto íntegro da Ordenanza.

Palas de Rei, 11 de setembro de 2026.- O alcalde, Pablo José Tabaoda Camoira.

ANEXO

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS URBANÍSTICAS E COMUNICACIÓNS PREVIAS ESIXIDAS POLOS ARTIGOS 142 E SEGUINTE DA LEI 2/2016 DE 10 DE FEBREIRO DO SOLO DE GALICIA E CONCORDANTES DO SEU REGULAMENTO.

Artigo 1. Fundamento legal

De conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese a taxa polas licenzas urbanísticas e comunicacións previas reguladas polos artigos 142 e ss. da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia e concordantes do seu regulamento.

Artigo 2. Feito imponible, obriga de contribuír e suxeito pasivo.

1. Feito imponible. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos técnicos e administrativos necesarios para o outorgamento das licenzas referidas no artigo anterior, verificar se os actos de uso do solo se axustan ás normas urbanísticas de edificación e policía previstas no ordenamento xurídico; inclúense as licenzas que resulten das ordes de execución así como as licenzas de parcelacións urbanísticas e de división e segregación de predios en solo rústico nos termos de lexislación urbanística. Contéplanse de igual modo outros servizos urbanísticos derivados de devanditas licenzas a instancia dos interesados.

Inclúese así mesmo as comunicacións previas na normativa urbanística de aplicación.

2. Obriga de contribuír. A obriga de contribuír nace coa petición da licenza ou presentación da comunicación previa ou dende a data en que debeu solicitarse ou aportarse a segunda no caso de ser preceptiva.

3. Suxeito pasivo: Están obrigados ó pagamento da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que sexan propietarias ou posuídoiras

ou, no seu caso, arrendatarios dos inmobles nos que se realicen as construcións ou instalacións ou se executen as obras suxeitas a licenza urbanística ou comunicación previa.

Artigo 3. Base imponible e cota tributaria

1. Tomarase como base imponible da taxa:

- O custo real da obra ou construción, instalación, e demais usos urbanísticos suxeitos a títulos habilitantes urbanísticos desta natureza. Tomarase como base da presente exacción o custo real da obra ou construción segundo presuposto do proxecto técnico, sempre que estivese visado polo colexio oficial correspondente; noutro caso, a base imponible determinarase polos técnicos municipais aplicando os baremos ou tarifas dos ditos colexios profesionais. Non formarán parte da dita base os impostos e taxas, os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outra concepto que non integre o custo de execución material.

- O custo real e efectivo da vivenda, local ou instalación, cando se trate de primeira ocupación ou utilización dos edificios e a modificación do seu uso.

- O valor sinalado para os terreos e construcións a efectos do Imposto de Bens Inmobles, cando se trate de parcelamentos urbanos e demolición de construcións.

2. A cota tributaria determinarase por aplicación da seguinte tarifa:

- Licenzas de urbanísticas de obras, construcións e instalacións:

- a) Proxecto de execución material inferior a 1.000.000 de euros: 0,5%.

- b) Proxecto de execución material de 1.000.001 euros ata 3.000.000 de euros: 1%.

- c) Proxecto de execución material superiores a 3.000.000 de euros: 2%.

- d) Establécese unha tarifa mínima de 60 euros para as comunicacións previas.

- Parcelamentos e segregacións:

- a) Parcelamento urbano: 0,20 euros por cada metro cadrado obxecto das operacións.

- b) Segregacións, divisións, agregacións e agrupacións de fincas rústicas: 0,05 euros por cada metro cadrado obxecto das operacións.

- Sinalamento de aliñacións e rasantes:

- a) Ata 10 metros de fachada: 50 euros

- b) Por cada metro lineal a partir dos 10 metros: 5 euros.

Artigo 4. Exencións ou bonificacións

Aplicaranse exclusivamente as exencións e bonificacións previstas nas normativa xeral tributaria.

Artigo 5. Xestión. Administración e cobranza.

1.- Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar autoliquidación da taxa, determinándose a base imponible en función o presuposto declarado polo interesado, e a ingresala, en calquera entidade colaboradora autorizada, ao solicitar a licenza preceptiva, sen que o pago realizado supoña ningún tipo de presunción con respecto ao acto declarativo do dereito a favor daqueles. A referida autoliquidación é un acto do obrigado tributario, cuxo importe será reintegrado ao contribuínte, se por causas non imputables ao mesmo non chegara a prestarse o servizo.

2.- Unha vez rematadas as obras, construcións e instalacións, os suxeitos pasivos deberán presentar autoliquidación complementaria do tributo no caso de que o custo real e efectivo da obra sexa superior o declarado.

3.- Cando os suxeitos pasivos non tiveran abonado a correspondente autoliquidación da taxa en prazo, ou se tivera presentado e abonado aquela por cantidade inferior á cota que resulte do orzamento aportado, a Administración municipal poderá practicar e notificar unha liquidación provisional pola cantidade que proceda e incoará o correspondente procedemento segundo o previsto na lexislación tributaria.

No caso das comunicacións previas urbanísticas, practicarase a liquidación provisional nos termos dispostos anteriormente para as licenzas.

Artigo 6. Vía de constrinximento

As cotas liquidadas e non satisfeitas dentro do período voluntario faranse efectivas pola vía de constrinximento, de acordo coas normas do Regulamento xeral da recadación.

Artigo 7. Documentación

Os interesados na obtención das licenzas presentarán a oportuna solicitude con especificación da obra ou construción a realizar, emprazamento, presuposto real desta e proxecto técnico subscrito polo facultativo competente.

Xunto coa comunicación previa correspondente, aportarase a documentación prevista na Lei do Solo de Galicia e o seu regulamento.

Disposición final: A presente ordenanza entrará en vigor una vez aprobada definitivamente, e publicado o seu texto íntegro no BOP, consonte co previsto no art. 107.1 da LBRL, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Palas de Rei, 11 de setembro de 2026.- O alcalde-presidente, Pablo José Tabaoda Camoira.

R. 2459

SARRIA

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO. PADRÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

EDICTO

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación do prezo público correspondentes ó servizo de axuda no fogar do **MES DE AGOSTO DE 2026**.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias de servizos sociais do Concello de Sarria, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquer outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co establecido no art º 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación, aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo e artº 6 da ordenanza fiscal municipal comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

Nos primeiros vinte días do mes seguinte á prestación do SAF, na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto.

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Sarria, 3 de setembro de 2026.- O alcalde presidente, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 2460